

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO.

Artigo 1º- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas ós artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da *Lei 7/1985*, do 2 de abril, *reguladora das bases de réxime local*, e de conformidade nos artigos 15 a 19 da *Lei 39/1988*, do 28 de decembro, *reguladora das facendas locais*, este concello establece a "taxa por recollida de lixo", que se rexerá pola presente ordenanza no artigo 58 da citada *Lei 39/1988*.

Artigo 2º- FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigada de recollida de lixo domiciliarias e residuos sólidos de vivendas, aloxamentos ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2. Para tal efecto, considerarase lixo domiciliario e residuos sólidos, os restos e desperdicios de alimentación e detritos que proceden da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, cascallos de obras, detritos humanos, materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou de recollida ou vertido que esixe a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3. Non está suxeita á taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de cascallos de obras.

Artigo 3º- SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da *Lei xeral tributaria*, que ocupen ou utilicen as vivendas ou locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista ou arrendatario ou, inclusive, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituído do contribuínte ou propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, nas cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º- RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da *Lei xeral tributaria*.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da *Lei xeral tributaria*.

Artigo 5º-EXENCIÓNS

Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que foran declarados pobres por precepto legal, estean inscritos no Padrón de Beneficencia como pobres de solemnidade ou obteñan ingresos anuais inferiores os que correspondan ó salario mínimo interprofesional.

Artigo 6º- COTA TRIBUTARIA:

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e da súa situación. Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa trimestral:

ANO 2005.

ZONA URBANA:

a) Vivendas ocupadas:	13,95 €
b) Vivendas desocupadas:	4,64 €
c) Industrias de ata 25 empregados:	24,11 €
d) Industrias de máis de 25 empregado:	82,56 €
e) Talleres de todo tipo:	24,11 €
f) Supermercados, hipermercados e grandes superficies:	77,40 €
g) Bancos e entidades financeiras:	44,46 €
h) Oficinas:	18,52 €
i) Hoteis e hostais de ata 10 habitacións:	33,36 €
j) Hoteis e hostais de máis de 10 habitacións:	66,72 €
k) Discotecas e salas de festa:	66,72 €
l) Restaurantes, mesóns e casas de comidas:	46,44 €
m) Café bar especial e café concerto:	40,24 €
n) Bares e cafeterías:	33,37 €
o) Comercios con máis de 75 m ² de superficie:	18,52 €
p) Pequeno comercio (con menos de 75 m ²):	14,35 €

ZONA RURAL:

a) Vivendas ocupadas:	11,66 €
b) Vivendas desocupadas:	3,87 €
c) Industrias de ata 25 empregados:	24,11 €
d) Industrias de máis de 25 empregados:	82,56 €
e) Talleres de todo tipo:	24,11 €
f) Supermercados, hipermercados e grandes superficies:	77,40 €
g) Bancos e entidades financeiras:	44,46 €
h) Oficinas:	13,66 €
i) Hoteis e hostais de ata 10 habitacións:	27,86 €
j) Hoteis e hostais de máis de 10 habitacións:	55,72 €
k) Discotecas e salas de festa:	56,40 €
l) Restaurantes, mesóns e casas de comidas:	35,08 €
m) Café bar especial e café concerto:	34,05 €
n) Bares e cafeterías:	24,60 €
o) Comercios con máis de 75 m ² de superficie:	14,44 €
p) Pequeno comercio (con menos de 75 m ²):	12,39 €

Artigo 7º- DEVENGO

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a súa natureza de recepción obrigatoria, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliaria nas

rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2. Unha vez establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengaranse o primeiro día de cada trimestre natural.

Artigo 8º - DECLARACIÓN E INGRESO

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria del, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2. Unha vez establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengaranse o primeiro día de cada trimestre natural.

Artigo 9º- INFRACCIÓNS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias. así coma das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó dispor nos artigos 77 e seguintes da *Lei xeral tributaria*.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza fiscal, sendo a súa redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 16 de xullo de 1997, entrará en vigor e será de aplicación unha vez publicada no *Boletín Oficial da Provincia*, e desde que transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da *Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local*, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Esta ordenanza foi modificada no artigo 6 e esta modificación, xa introducida neste texto, e publicada no *Boletín Oficial da Provincia*, do 1 de abril de 2005, entrou en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro, será de aplicación a partir do 1-1-2005, e

permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.